


PUBLICACIÓNS

O libro "Gárgolas de Compostela", escrito por Benxamín Vázquez e con fotografías de Xaime Cortizo, seleccionado como finalista na categoría de divulgación dos Premios Follas Novas 2024

En outubro do 2023 o Consorcio de Santiago presentou xunto coa editorial Alvarellos esta peculiar guía das gárgolas máis singulares que se poden atopar na arquitectura compostelá da Cidade Histórica. O libro, unha edición trilingüe en galego, castelán e inglés recopila as 30 gárgolas máis características, de entre as máis de 300 gárgolas que se poden atopar nos edificios e monumentos históricos de Santiago.

Máis información:

<https://premiosfollasnovas.gal/listado-de-obras-seleccionadas-para-os-premios-follas-novas-24/>



EXPOSICIÓNS

"Lousas dun mesmo Mundo", mostra fotográfica do compostelán Denis Estévez na Casa do Cabido

A Casa do Cabido acolle desde o pasado 27 de febreiro e ata o vindeiro mes de xuño a mostra fotográfica "Lousas dun mesmo Mundo". A exhibición recolle un total de 20 fotografías en branco e negro que xogan coa superposición, a montaxe e a collage de diferntes imaxes. O fotógrafo, Denis Estévez, quere invitar coas súas imaxes a unha relectura e reflexión sobre o mundo no que vivimos.

Máis información:

<http://www.consorciodesantiago.org/gl/novas/lousas-dun-mesmo-mundo-mostra-fotografica-de-denis-estevex-que-acolle-casa-do-cabido>



MÚSICA



A RFG homenaxea á compositora Kaija Saariaho nun concerto dirixido por Baldur Brönnimann e coa participación do clarinetista Kari Kriikku

A Real Filharmonía de Galicia ofreceu o xoves 15 de febreiro no Auditorio de Galicia de Santiago de Compostela e o venres 16 de febreiro no Palacio da Ópera de A Coruña un concerto homenaxe á compositora Kaija Saariaho cun concerto titulado Dende o inefable. No concerto interpretáronse as obras D'om le vrai sens de Saariaho, Tema e variacións de Erich Wolfgang Komgold e Sinfonía núm. 2 de Kurt Weill.

Máis información:

<https://www.rfgalicia.org/gl/a-real-filharmonia-de-galicia-rende-unha-homenaxe-a-compositora-kaija-saariaho-no-seu-novo-concerto/>



A EAEM presentou a súa oferta de clases maxistras de febreiro a maio do 2024

A Escola de Altos Estudos Musicais presenta a súa oferta de clases maxistras para os meses de febreiro, marzo, abril e maio. Estas clases, impartidas por solistas de recoñecido prestixio internacional, realizaranse os próximos meses na sede da Escola para alumnado de frauta, violoncelo, violín, viola e percusión. Os frautistas Matthiriu Gauci-Ancelin e Cristina Fassbender deron inicio ás clases o 29 de febreiro.

Máis información:

<https://eaem.es/gl/formacion/clases-maxistras/>